

Referencia da Praza: CS2502BIO-C01-610-A3-P3-02

Tipo de Praza: Profesor/a Asociado/a

Área de Coñecemento: 610

Departamento: C01

Sede actuación da comisión: Facultade de Ciencias

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Vigo o día 19 de decembro de 2025 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidente/a: Dionisio García Pomar

Secretario/a: José Alberto Fernández Villar

Vogal: María Luisa Torres Duran

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores:

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por unanimidade establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I):

Titulación(s) básica(s): Licenciado/a Graduado/a en Medicina, Título de Médico Especialista en Neurocirugía, Cirugía Cardíaca, C. General y Aparato Digestivo, C. Vascular, Urología, C. Pediátrica, C. Torácica, Traumatología, C. Plástica.

Titulación(s) afín(s): Non se contemplan

Área(s) Afín(s): Non se contemplan

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

Puntuación máxima no caso de correspondencia coas materias obxecto de concurso: **5% da puntuación total.**

- a) Expediente académico do título de licenciatura, grao, enxeñaría, arquitectura ou equivalente (nota media do expediente calculada conforme ao criterio común establecido polo Ministerio en materia de universidades).

Matrícula de Honra (4), Sobresaínte (3), Notable (2), Aprobado (1)

Soamente se valorará o Grado ou Licenciatura en Medicina, segundo o sinalado no epígrafe

- b) Título de mestrado ou tese de licenciatura (no caso de licenciaturas consideradas equivalentes a mestrados terase en conta a nota media obtida no título de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a etc.)

Sobresaínte (1), Notable (0,66), Aprobado (0,33)

O sinalado no epígrafe

- c) Premio Extraordinario de mestrado ou licenciatura: 0,5

O sinalado no epígrafe

- d) Tese de Doutoramento

Matrícula de honra (2), Sobresaínte (1), Notable (0,5), Aprobado (0,25)

O sinalado no epígrafe

- f) Premio Extraordinario de doutoramento: 0,5.

O sinalado no epígrafe

2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA

Valorarase a actividade investigadora e de transferencia relacionada coas materias obxecto do concurso ata un máximo do **8% da puntuación total**.

Considerase posición relevante como autor se o candidato ocupa o 1º, 2º ou último lugar dos autores.

As aportacións deben estar relacionadas co perfil da praza

- a) Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, ferramentas validadas de investigación social, exposicións individuais e colectivas, traducións, produción musical, produción literaria etc. (ata un máximo de 8 puntos).

- Libros Completos Internacionais: 2 ptos.; Nacionais: 1 pto.

- Capítulos de Libro Internacionais: 1 pto.; Nacionais: 0.5 ptos.

- Artigos científicos (non se consideran as cartas ao director, editoriais ou abstracts):

•Artigo orixinal en revista indexada no JCR-SCIE Q1, autor en posición relevante: 2 puntos.

•Artigo orixinal en revista indexada no JCR-SCIE Q2-Q4, autor en posición relevante: 1,5 puntos.

•Artigo orixinal en revista indexada no JCR-SCIE, autor en posición non relevante: 1 punto.

- b) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos etc. (ata un máximo de 2 puntos).

Só se puntúan se o candidato está en posición relevante.

Valoraranse un máximo de 10 aportacións co seguinte baremo:

- Relatorio en Congreso Internacional: 0.4 puntos.

- Relatorio en Congreso Nacional: 0.2 puntos.

- Comunicación Congreso Internacional: 0.2 puntos.

- Comunicación Congreso Nacional: 0.1 puntos.

- c) Dirección de teses de doutoramento (ata un máximo de 5 puntos).

1 punto por Tese dirixida. Se hai máis dun director a puntuación dividirase entre o número de directores

- d) Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou na institución (ata un máximo de 5 puntos).

Internacional sendo IP: 1 punto; participante 0.5 puntos.

Nacional sendo IP: 0.5 puntos; participante 0.25 puntos.

- e) Estadías debidamente acreditadas noutros centros de investigación (ata un máximo de 2 puntos).

Só se puntúan estancias de duración consecutiva igual ou superior a un mes.

- Centro estranxeiro: 0.1 puntos por mes.
- Centro nacional: 0.05 puntos por mes.

f) Bolsas de investigación, con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologados): 0,125 puntos por cada ano de gozo da bolsa (ata un máximo de 0,5 puntos).
O sinalado no epígrafe

g) Patentes, rexistros da propiedade, atlas, corpus, enciclopedias e dicionarios de nova fábrica/planta (ata 8 puntos).
- Patentes: 2 puntos/cada unha

h) Divulgación: conferencias, xornadas, obradoiros, proxectos de divulgación etc. (ata un máximo de 2 puntos).
As aportacións, nun máximo de dúas, deben estar relacionadas co perfil da praza

i) Outros méritos de investigación ou transferencia: membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, pertenza a sociedades científicas etc. (ata un máximo de 1 punto).

Calquera mérito ten que estar relacionado co perfil da praza, e soamente se poderán presentar dez méritos neste epígrafe.

A efectos de consello de redacción de revistas, só se consideran as revistas indexadas en JCR-SCIE. Máximo 0.1 puntos por cada mérito.

3. EXPERIENCIA DOCENTE

Valorarase a actividade docente relacionada coas materias obxecto do concurso ata un máximo do **12% da puntuación total**.

a) Docencia universitaria a tempo completo (TC):

2 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.

A docencia debe estar en relación co perfil da praza, e certificada adecuadamente polo órgano competente da Universidade, constando especificamente o tipo de praza e a docencia impartida (en horas ou créditos).

b) Docencia universitaria a tempo parcial (TP):

- 1,5 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P6 (180 h).
- 1,25 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P5 (150 h).
- 1 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P4 (120 h).
- 0,75 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P3 (90 h).

A docencia debe estar en relación co perfil da praza, e certificada adecuadamente polo órgano competente da Universidade, constando especificamente o tipo de praza e a docencia impartida (en horas ou créditos).

c) Docencia non universitaria (no caso de que a comisión específica de área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional, non se valorará neste apartado):

Só se valorará se está relacionada co perfil da praza e adecuadamente acreditada.

I. 0,50 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a TC.

Equipararase a este apartado a Formación Sanitaria Especializada: “Xefe de Estudos de Comisión de Docencia” cunha puntuación de 0,5 puntos por ano.

II. 0,25 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a TP. Nos casos de docencia inferiores a un ano ratearase a puntuación.

Equipararase a este apartado a Formación Sanitaria Especializada: “Titor de residentes” cunha puntuación de 0,25 puntos por ano

d) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

CAP ou Máster Oficial en Formación do Profesorado

e) Supervisión de TFGs/TFMs ou similares: 0,2 puntos por traballo supervisado ata o máximo de 1 punto.

So se pode aportar un máximo de 5 aportacións

f) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto.

So se pode aportar un máximo de 5 aportacións

g) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto.

So se pode aportar un máximo de 5 aportacións

h) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos, ata o máximo de 1 punto.

So se pode aportar un máximo de 5 aportacións

i) Outros méritos docentes ata o máximo de 1 punto.

Colaborador docente USC: 0.1 puntos por ano (máximo 0.5 puntos).

Colaborador docente UVIGO: 0.1 puntos por ano (máximo 0.5 puntos).

4. EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase a actividade profesional relacionada coas materias obxecto do concurso ata un máximo do **60% da puntuación total**.

Actividade profesional: ata 2 puntos por ano. No caso de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

A comisión deberá motivar adecuadamente os criterios da experiencia profesional valorada.

Considerase só a actividade como especialista axustada ao perfil da praza.

5. ENTREVISTA PERSOAL

A entrevista persoal poderá levarse a cabo de xeito virtual ou presencial e terá como principal obxectivo que a persoa candidata relacione os méritos presentados no currículo coas materias obxecto de concurso. A duración da entrevista non poderá exceder dos 30 minutos, e nela a persoa candidata explicará cal é a aportación da súa experiencia ás materias obxecto do concurso e como trasladará a citada experiencia á aula.

A data da entrevista será fixada pola CEA tendo en conta as limitacións horarias das persoas candidatas.

A entrevista terá unha valoración, por parte da comisión, de ata un **10% da puntuación total**.

Valorarase o contido e adecuación dos seus méritos a materia obxecto de concurso, así como a claridade expositiva e a súa capacidade de resposta ás cuestións formuladas polos membros da CEA.

6. OUTROS MÉRITOS

Valoraranse outros méritos relacionados coas materias obxecto do concurso ata un **5% da puntuación total**.

Cada mérito alegado non poderá ser valorado con máis de 2 puntos. Neste subapartado valorarase necesariamente o coñecemento da lingua galega, agás que polo perfil da praza teña que ser valorado noutro subapartado.

- Acreditacións ANECA (ACSUG) (só se valora a máis alta):

- Catedrático, Titular ou Contratado Doutor/PPL: 2 puntos.

- Axudante Doutor ou de Universidade privada: 1 punto.

- Licenciatura ou Grado Universitario relacionado coa materia: 1 punto.

- Máster Oficial Universitario acreditado e rexistrado no RUCT: 0.5 puntos.

- Títulos oficiais de especialización universitaria acreditados: 0.5 puntos.

- Idiomas

- Galego:

Iniciación: 0.5 puntos; Perfeccionamento: 0.5 puntos.

Certificado de Estudos de Lingua Galega (CELGA): 0.2 puntos por cada nivel (máximo 1 punto).

- Outros idiomas, con acreditación oficial mínima B1 (MCER): 0.5 puntos por idioma.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

Ningún mérito poderá ser valorado en máis dun subapartado.

Cada un dos 6 apartados do baremos puntuarase cun límite máximo de 10 puntos.

Se nalgún dos apartados ou subapartados a suma da puntuación dunha persoa candidata supera o límite establecido, a que consiga o máximo terá a puntuación límite e para as restantes calcularase de xeito proporcional...

Vigo , 19 de decembro de 2025

Presidente /a
Asdo:

Secretario / a
Asdo:

Vogal
Asdo:

De ser o caso,
Rep. Trab. (*con voz e sen voto*)
Asdo: